

PMC/jsb

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2023076329
ASUNTO	Aprobación do expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do contrato para a prestación do Servizo de asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expte PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipio de reto demográfico (Programa DUS 5000).
TRÁMITE	Aprobación de expediente de contratación.

A deputada delegada da área de Infraestruturas públicas, mobilidade e contratación, en virtude das atribucións conferidas pola Presidencia, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

A Deputación, ao amparo do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), asume competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Neste marco competencial a Deputación de Pontevedra, en colaboración con varios concellos da provincia, presentou, ao amparo das convocatorias de axudas para inversión a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de Rexeneración e Retro demográfico do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia o seguinte proxecto:

Iluminación exterior sostible XV, PR-D5000-2021-00382, nos municipios de: A Cañiza, Tomiño, Dozón, Rodeiro, Cuntis, Fornelos de Montes, Pontecesures, Ribadumia, Cerdedo-Cotobade.

Este proxecto está encamiñado á mellora das instalacións de iluminación e a mellora da eficiencia enerxética.

Para poder levar a cabo o proxecto mencionado, é preciso contar cos servizos dunha empresa externa para redactar os proxectos técnicos, que recollan as actuacións necesarias, así como a supervisión e xustificación dos traballos.

No informe da xefa do servizo de Cooperación xustifícase a necesidade de acudir a contratación dunha empresa externa para redactar os proxectos técnicos, que recollan as actuacións necesarias, a supervisión e xustificación dos traballos e posúan experiencia e capacidade para estes traballos, por carecer dos medios necesarios, o alto nivel de coñecemento requirido para o correcto desenvolvemento do proxecto o incremento do volume de traballo e a urxencia dos mesmos para cumprir cos prazos marcados polo IDAE.



A vista do exposto, a Xefa do servizo de Cooperación cos Municipios coa conformidade da Deputada Delegada, formula providencia de inicio para a contratación da asistencia técnica para a redacción e dirección dos proxectos de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expediente PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000).

Na memoria xustificativa co csv 62PALPZOC6LGW75O, o xefe do servizo de contratación informa sobre o procedemento a seguir para a pretendida contratación, no que se indica o seguinte

"Réxime xurídico: ADMINISTRATIVO

Tipo: SERVIZO

Regulación harmonizada: NON

*Órgano competente: PRESIDENTE**

Tramitación: ORDINARIA

Procedemento de adxudicación: ABERTO SIMPLIFICADO

Xustificación da elección do procedemento de adxudicación: Co obxecto de promover a celeridade e obxectividade nos procedementos, optárase, como regra xeral, polo procedemento máis áxil permitido legalmente, sendo, neste caso, o aberto simplificado.

Concurrencia das condicións do artigo 159.1 LCSP".

Resultando que pola Intervención se informa que na aplicación 24/942.1650.652.15.2023 do vixente orzamento provincial existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto. Do importe total, o 85% é financiado polo IDAE, o 7 % polos concellos e un 8% con cargo a fondos propios da Deputación.

O servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares, e solicita o preceptivo informe á Secretaría xeral, que informa favorablemente o expediente con data 19/03/2024.

Visto que con data 27/03/2024 solicítase informe de fiscalización á intervención que con data 18/04/2024 informa favorablemente co csv Y2F9AODoG6BFS4M7.

Á vista do exposto, tendo en conta a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; da base de execución do orzamento 17; e da Resolución Presidencial número 2024002173, de 15 de marzo de 2024, de delegación de atribucións da Presidencia nos centros e áreas de servizos, concretada mediante Resolución Presidencial número 2024002205 de 15 de marzo de 2024,
RESOLVO:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do Servizo de asistencia técnica para a **redacción e dirección dos proxectos** de renovación das instalacións de iluminación exterior correspondente co expte PRD5000-2021-000382 dentro da convocatoria de axudas para inversións a proxectos singulares locais de enerxía limpa en



municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000), polo importe total 21% IVE engadido de 72.600,00€ que comprende as seguintes actuacións:

Iluminación exterior sostenible XV.			
Concellos	Número proxecto	Importe máximo contrato redacción e dirección de proxectos (IVE non engadido)	Importe máximo contrato redacción e dirección proxectos (IVE engadido)
Cuntis	Proyecto 1.1	5.600,00 €	6.776,00 €
Dozón	Proyecto 1.2	4.600,00 €	5.566,00 €
Pontecesures	Proyecto 1.3	3.200,00 €	3.872,00 €
Ribadumia	Proyecto 1.4	7.200,00 €	8.712,00 €
Rodeiro	Proyecto 1.5	11.600,00 €	14.036,00 €
Cañiza, A	Proyecto 2.1	5.600,00 €	6.776,00 €
Cerdedo-Cotobade	Proyecto 2.2	6.800,00 €	8.228,00 €
Fornelos de Montes	Proyecto 2.3	4.560,00 €	5.517,60 €
Tomiño	Proyecto 2.4	10.840,00 €	13.116,40 €
TOTAL		60.000,00 €	72.600,00 €

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (csv 8U8gKZMIQOMXVPBG) e de prescricións técnicas (csv UIY6ZKR51XPL30B) , que rexerán na presente contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 72.600,00 € a financiar con cargo á aplicación orzamentaria **24/942.1650.65215.2023 do vixente orzamento provincial.**

4.- Nomear como responsable do contrato a Eugenio Marcote Carballo, Enxeñeiro Xefe do Servizo de Cooperación.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do **prazo de 15 días naturais,** contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante



Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Presidencia, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación (artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

